



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Historia	Código	613G03009	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Alonso Troncoso, Víctor	Correo electrónico	v.alonso.troncoso@udc.es	
Profesorado	Alonso Troncoso, Víctor Romero Portilla, Paz	Correo electrónico	v.alonso.troncoso@udc.es paz.romero.portilla@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	<p>Historia da historiografía occidental, dende a Antigüidade á Idade Contemporánea. O curso centrarase nas fontes historiográficas, de carácter literario, non so analizando as preferencias temáticas e as orientacións ideolóxicas dos cronistas e historiadores, senón tamén (ao seren unha Facultade de Filoloxía) facendo unha especial énfase nas relacións deses autores cos xéneros literarios concorrentes na representación do pasado, nomeadamente a épica e a novela. Polo demáis, a explicación do contexto histórico constituirá unha conditio sine qua non pra profundar nos autores en cuestión.</p>			
Plan de continxencia	<p><b>MODIFICACIÓNS DA GUÍA DIDÁCTICA</b></p> <p>Addenda á Guía Docente por mor do COVID19 no caso de interrupcións das clases</p> <p>Modificacións nos contidos: Non hai cambios.</p> <p>Metodoloxías docentes que se manteñen: todas. As clases expositivas e interactivas continuarían en liña. Os eventuais controis de asistencia e participación se farían tamén telemáticamente. As recensións dos alumnos repetidores e con dispensa académica se entregarían en soporte dixital.</p> <p>A proba final se faría en liña (escrita ou oral, dependendo das condicións do momento).</p> <p>As porcentaxes nas avaliacións se manterían.</p> <p>Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: correo electrónico e/ou Teams.</p> <p>Mecanismo de transferencia da documentación, a mesma: Moodle.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Saber analizar e comentar textos e discursos históricos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	



Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C5
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Ter e saber aplicar os coñecementos básicos que permitan reflexionar sobre a disciplina histórica	A2	B3	C4
Coñecer o uso que dos conceptos fundamentais tratados se ten feito polos propios historiadores		B3	C4
Coñecer a aportación da historia, a literatura e a memoria para a representación do pasado	A2	B1	C1
Saber que os conceptos, as escrituras e a investigación histórica están en permanente construción.	A2	B1 B3	C1 C6
Utilizar os coñecementos e técnicas propias da historia no ámbito doutras disciplinas, nomeadamente as relacionadas coa linguaxe como a lingüística e a literatura.	A1 A2 A3	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C7 C8
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Consideracións xerais acerca da Historia	1.1. Conceito de Historia 1.2. Obxecto e suxeito da Historia 1.3. Método e Teoría 1.4. O espazo e o tempo na Historia
2. O discurso histórico na Antiguidade	2.1. Os precedentes de Egipto, Mesopotamia e outras altas culturas urbanas 2.2. Da historiografía grega ás interpretacións proféticas do cristianismo
3. Da teocracia medieval ao racionalismo da Ilustración	3.1. A teoría das "tres ordes"do feudalismo 3.2. As crónicas medievais 3.3 A singularidade das historiografías non cristiás. Ibn Jaldun; a historiografía chinesa 3.4. A crítica renacentista 3.4. A racionalidade ilustrada
4. Revolución francesa e liberalismo: o salto cara a construción da Historia como ciencia	4.1. O nacemento da historiografía moderna. 4.2. Discurso histórico e nacionalización do pasado 4.3. As variantes do discurso histórico: liberalismo, romantismo, positivismo e historicismo alemán 4.4 A literatura histórica: literaturas nacionais e sistemas literarios 4.5 Alguns estudos de caso
5. As multitudes na Historia	5.1. A renovación dos Annales" e a Historia Económica 5.2. O materialismo histórico



6. A crise do discurso histórico nos finais do século XX.	6.1. A destrución da Historia como ciencia 6.2 A volta á narración e outras alternativas.
---	--

### Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	B1 B3 B5 B7 C1	2	50	52
Obradoiro	A1 A2 A10 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	10	15	25
Lecturas	A3 A11 B1 B2 B3 B5 B6 B8 B9	0	15	15
Sesión maxistral	B1 B5 B6 B7 B8 C7 C8	21	0	21
Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6	14	21	35
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

### Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos estudados no curso e recollidos no temario da materia.
Obradoiro	Debate na aula na base do libro Os Pazos de Ulloa, dos capítulos previamente indicados ao alumnado e lidos por este con anterioridade, en horas non presenciais. A profesora encargada do obradoiro dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos matriculados (agás aqueles con dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores). Valorizaranse as intervencións de cada alumno ao longo do obradoiro. No apartado de Avaliación (Observacións 3.) indícase o traballo que substitúe a asistencia a estas clases no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.
Lecturas	Lecturas complementarias, por conta do alumnado, do material bibliográfico recomendado polo profesor e relacionado coas leccións do temario.
Sesión maxistral	Exposición oral a cargo do profesor, centrada nos contidos do programa da materia. O seguimento das sesións maxistras constitúe unha conditio sine qua non pra debater de maneira axeitada nas clases interactivas.
Discusión dirixida	Debate na aula na base de materiais previamente indicados polo profesor e lidos polo alumnado en horas non presenciais. O profesor dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas. No apartado de Avaliación (Observacións 4.) indícase o traballo que substitúe a asistencia á clase interactiva no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	No que atinxe á proba obxectiva o profesor clarexará a modalidade de exame a realizar e a correspondente valorización de cada pregunta.
Obradoiro	Na discusión dirixida o profesor intervira pra resolver as dúbidas que cada alumno poda presentar ao longo dos debates.

### Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A11 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C5 C6	Debate na aula na base do exposto nas sesións maxistras e dos materiais previamente distribuídos polo profesor e lidos polo alumno en horas non presenciais. O profesor dirixirá o debate. Deberán participar todos os alumnos (agás aqueles con dispensa académica e os repetidores con incompatibilidade horaria), o que implica a asistencia obrigatoria ás sesións interactivas. No apartado de Avaliación (Observacións 4.) indicase o traballo que substitúe a asistencia á clase interactiva no caso do alumnado repetidor ou con dispensa académica. Valorizaranse as intervencións do alumnado na clase interactiva. Poderanse facer controis de asistencia a estas clases.	30
Proba obxectiva	B1 B3 B5 B7 C1	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Versará sobre os contidos teóricos e prácticos estudados no curso e recollidos no temario da materia.	50
Obradoiro	A1 A2 A10 B1 B3 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C4 C6	Comentario e debate na aula da novela Los Pazos de Ulloa, de Pardo Bazán. A participación do alumnado presupón a lectura previa dos capítulos que se comentarán no correspondente obradoiro, cada venres. Deberán asistir ao obradoiro todos os alumnos matriculados, agás nos casos de dispensa académica e, se así o desexan, os repetidores, que terán que entregar o traballo escrito que se indica en Avaliación (Observacións 3.).	20

#### Observacións avaliación

1. É obrigatorio ter entregado en tempo e forma as actividades encargadas durante o curso.
2. As faltas de ortografía (grallas) e/ou incorreccións léxico-gramaticais poderán supor unha diminución da nota.
3. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non asistan ao obradoiro (venres) presentarán un resumo, capítulo a capítulo, cun comentario persoal ao final, da novela Os Pazos de Ulloa, de Emilia Pardo Bazán. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado), terá as seguintes características: 7 folios (tamaño estándar) de extensión, dos que 5 serán de resumo e 2 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,15. A data límite pra entregar o traballo será o 3 de maio de 2022. O traballo impreso farase chegar ao profesor coordinador da materia: Víctor Alonso Troncoso. Este traballo substitutivo computará o 20% da nota final.
4. Os alumnos en situación de matrícula a tempo parcial (dispensa académica) e os alumnos repetidores que non podan asistir ás clases interactivas (discusión dirixida) deberán facer a recensión bibliográfica do libro obrigatorio no pasado curso 20-21: FONTANA, Josep (2013), El futuro es un país extraño: una reflexión sobre la crisis social de comienzos del siglo XXI. Barcelona, Pasado y Presente. O traballo, presentado en papel (NON dixitalizado), terá as seguintes características: 8 folios (tamaño estándar) de extensión, dos que 4 serán de resumo e 4 de comentario persoal (non conta a páxina de cuberta do traballo, co nome do alumno e o título do libro); letra Times New Roman 12; interlineado 1,15. A data límite pra entregar o traballo será o 3 de maio de 2022. A recensión en papel farase chegar ao profesor coordinador da materia: Víctor Alonso Troncoso. Este traballo substitutivo computará o 30% da nota final.
5. Os alumnos de segunda oportunidade e os de decembro deberán concorrer nas mesmas condicións que na primeira oportunidade: presentaranse ao exame final escrito (proba obxectiva) e conservarán as cualificacións obtidas nas clases interactivas (discusión dirixida) e no obradoiro (venres). No caso do alumnado con dispensa ou repetidor, este conservará as cualificacións das recensións bibliográficas substitutivas, que deberán ter entregadas no seu prazo, o 3 de maio. Entenderase como non presentado o alumnado que non se teña presentado ao exame final escrito (proba obxectiva).
6. Todos os alumnos matriculados na materia (incluídos os que a tiveren pendente de cursos anteriores e con dispensa académica) deberán entregar unha ficha impresa con foto actualizada ao profesor coordinador, a fin de facilitar o seguimento e consigna das súas actividades na aula ou fora dela.

#### Fontes de información



**Bibliografía básica**

- Burrows, John (2007). Historia de las Historias. Barcelona, Crítica

- Kelley, Donald (1998). Faces of History. Historical Inquiry from Herodotus to Herder. Yale University

O historiador que ten a achega máis sobranceira á historia da historiografía occidental ata o século XX é, con diferenza, Arnaldo Momigliano (1908-1987). A súa traxectoria investigadora non se pode exemplificar nun libro en particular, aínda que os seus sparsa collecta nos Contributi alla storia degli studi classici (10 vols., Milano 1955-2012) constitúen o título máis recoñecido, tanto pola súa amplitude cronolóxica como pola variedade de contidos.



**Bibliografía complementaria**

- Hernández Sandioca, E. (2004). Tendencias historiográficas actuales. Madrid, Akal
  - Carr, E. H. (2003). ¿Qué es la historia?. Barcelona, Ariel
  - Moradiellos, E. (2002). Las caras de Clío. Introducción a la historia. Madrid, Siglo XXI editores
  - Bermejo Barrera, J. C. (2000). Pensa-la Historia. Ensaio de Historia teórica. Vigo, Ir Indo
  - Velasco Souto, C. F. (2011). Discurso histórico e construción da identidade nacional. O caso da Galiza. <http://illa.udc.es/novelahistoricagalega/estudos/estudos.html>
  - Llorens, I. (1998). Nacionalismo y literatura. Constitución e institucionalización de la &quot;república de las letras cubanas&quot;. Universitat de Lleida
  - Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003). A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Concello de Pontevedra e Fundación Caixa Galicia
  - González -Stephan, B. (2002). Fundaciones: canon, historia y cultura nacional. La historiografía literaria del liberalismo hispanoamericano del siglo XIX.. París/Frankfort, Iberoamericana-Vervuert.
  - Salinas Portugal, F. (2003). Emerxencia literaria e construción nacional: o romance fundacional. A Tavares (Org.):Estudos Galego Brasileiros. Rio de Janeiro
  - Hobsbawm, E. e Ranger, T. (1984). A invenção de tradições. Rio de Janeiro, Paz e Terra
  - Ferreira da Cunha, C. M. (2002). A construción do discurso da história literária na literatura portuguesa do século XIX.. Universidade do Minho. Centro de Estudos Humanísticos
  - Thiesse, A. M. (2010). La creación de las identidades nacionales. Madrid, Ezaro
  - Ainsa, F. (1997). Intervención literaria y &quot;reconstrucción&quot; histórica en la nueva narrativa latinoamericana.. K. Kohut (ed.): La invención del pasado. La novela histórica en el marco de la posmodernidad. Frankf
  - Casanova, P. (2001). La República mundial de las letras.. Barcelona, Anagrama
  - Thompson, J. (2009). As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galicia contemporánea.. Vigo, Galaxia
  - Vega, Mª J. (2003). Imperios de papel. Introducción a la crítica postcolonial. Barcelona, Crítica
  - Velasco Souto, C. F. (2011). Memoria histórica, identidade nacional e discurso literário na Galiza. Helena Rebelo (org.): Lusofonia. Tempo de reciprocidades. Porto, Ed. Afrontamento
- BIBLIOGRAFÍA DO PROF. COORDINADOR: Tendencias historiográficas de Idade Contemporánea Filología Clásica**
- Reseña de F. Creuzer, Sileno. Idea y validez del simbolismo antiguo, Madrid 1991, Cuadernos de Filología Clásica 408 (1993) 408-410. Reseña de C. García Gual, Introducción a la mitología griega, Madrid 1992, Estudios Clásicos 103 (1993) 175-178. Reseña de G. Dumézil, Mito y epopeya II. Tipos épicos indoeuropeos: un héroe, un brujo, un rey, México 1996, y Mito y epopeya III. Historias romanas, México 1996, Revista de Libros 21 (1998) 16. ¿El emperador ensimismado?, reseña de P. Grimal, Marco Aurelio, México 1997, Nova Tellus 17 (1999) 175-182. Edad Antigua "Moses I. Finley (1912-1986)", Estudios Clásicos 92 (1987) 75-88. "Sir Ronald Syme (1903-1989)", Historia 16 (1989) 113-115. ¿Contra la conspiración del silencio en torno a G. Busolt?, reseña de H. Chambers, Georg Busolt. His Career in his Letters, Leiden 1990, Tempus 17 (1997) 77-84. "Desesperadamente ajeno: Sir Ronald Syme y The Roman Revolution", Estudios Clásicos 97 (1990) 41-62. Reseña de A. B. Bosworth, Alejandro Magno, Cambridge University Press 1996, Revista de Libros 7-8 (1997) 12-13. ¿Edouard Will: Una trayectoria de la historiografía francesa?, reseña de Éd. Will, El mundo griego y el oriente. Tomo I: el siglo V (510-403), Madrid 1997, Revista de Libros 13 (1998) 5-6. "Géza Alföldy: De Roma a Europa pasando por Hispania", Argos 35 (2012) 195-199. "La cultura castreña en Galicia: historiografía arqueológica de los últimos años (1980-1996)", Cuadernos de Prehistoria y Arqueología de la UAM 22 (1995) 101-124. "Leandro de Saralegui e a historiografía ferrolá no cambio de século", en Víctor Alonso (ed.) Ferrolterra Galaico-Romana Ferrol 1997, 203-219. "Römische Geschichte und Altertumswissenschaften: Gespräch mit Géza Alföldy", Iberia 4 (2001) 7-16. Edad Media "Banquete, hospitalidad y regalo en la poesía épica española", Hispania 51 (1991) 835-874. "En la Córdoba de los Omeyas, con Antonio Muñoz Molina", Cuadernos Hispanoamericanos 504 (1992) 33-51. "Otto Brunner, en español, y los estudios clásicos (I)", Gerión 11 (1993) 11-36. Edad Moderna "Tradición clásica y conquista de América", Tempus (1992) 91-109. "Una biografía de Cervantes", Anales Cervantinos 31 (1993) 183-199. "Otto Brunner, en español, y los estudios clásicos (y II)", Gerión 12 (1994) 1-31. Edad Contemporánea Reseña de Karl Polanyi, La gran transformación. Crítica del liberalismo económico, Madrid 1989, Tempus 4 (1993) 104-109. "Dejar hablar a la Historia", Prólogo a R. Ramos Ardá, El desembarco de Doniños en la documentación británica, Ferrol 2000, 15-18. "Tedio y civilización", Papeis Ártabros

1 (2004) 9-17. "Miguel Artola. Obituario", La Voz de Galicia 29, 5, 2020 Historia y memoria oral (edades Antigua a Contemporánea) "Xestión do patrimonio: Consideracións críticas dun historiador", en V. Alonso (ed.) Patrimonio histórico de As Pontes de García Rodríguez, UDC, A Coruña 2003, 283-294. "El ciclo mitológico eumés: corpus y estudio", en Víctor Alonso, José M. Yáñez, Álvaro Iglesias (eds.) Las Fragas del Eume. Historia y cultura, Andavira, Santiago de Compostela 2019, 383-453. "A carón do Camiño: as lendas de cidades asolagadas", en Xosé Leira (dir.) Aulas no Camiño: o camiño inglés e as rutas atlánticas de peregrinación a Compostela, UDC, A Coruña 1997, 43-58.



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

O profesor recomenda para un desenvolvemento satisfactorio da materia: seguemento das clases, realización das lecturas previstas, recorrer ao profesor no momento en que ao alumno se lle presentaren dúbidas e problemas. Recoméndase vivamente aos alumnos repetidores e a tempo parcial que entren en contacto persoal co profesor coordinador (V. Alonso Troncoso) na primeira semana lectiva.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías